

Compartindo talento.

Protocolo de información



ACCEDE
Papagaio



Unión Europea

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"



Compartindo talento.

Protocolo de información

ACCEDE Papagaio

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Presentación do Centro de Empresas ACCEDE Papagaio.....	8
1.1. Emprazamento do Centro.....	8
1.2. Descrición do Centro.....	8
1.3. Fins do Centro.....	9
1.4. Tipoloxía dos espazos dispoñibles.....	9
1.5. Descrición dos equipamentos e servizos.....	10
1.6. Outros servizos.....	11
1.7. Horarios	11
1.8. Duración máxima das estancias.....	11
2. Condicións, requisitos de acceso e prezos.....	14
2.1. Quen pode acceder?.....	14
2.2. Como acceder?.....	14
2.3. Documentación inicial a aportar.....	14
2.4. Proceso de avaliación e resolución de solicitude.....	15
2.5. Documentación final a aportar para formalizar a solicitude.....	15
2.6. Tarifas de prezos e restantes condicións económicas.....	16
3. Carta de servizos.....	20
3.1. Presentación.....	20
3.2. Información de carácter xeral e legal.....	20
3.3. Compromisos de Servizo.....	21
4. Relación de servizos transversais.....	24
4.1. Identificación de servizos municipais e recursos dispoñibles para as persoas emprendedoras.....	24
4.2. Identificación doutros recursos públicos existentes.....	25
4.3. Identificación de apoios ás persoas emprendedoras e ás súas iniciativas.....	25
5. Principios reitores.....	28



Presentación do Centro de Empresas

ACCEDE Papagaio

1. Presentación do Centro de Empresas ACCEDE Papagaio

1.1. Emprazamento do Centro

Rúa Hospital, nº 19 baixo
15002, A Coruña.
Tel. : 981 184 399
Fax : 981 184 398



concejalía.empresa@coruna.es



www.coruna.gal/papagaio



[/emprendementocoruna](https://www.facebook.com/emprendementocoruna)



1.2. Descrición do Centro

O Centro Municipal de Empresas **ACCEDE Papagaio** é un espazo de co-working situado no centro da cidade que dá a oportunidade de compartir áreas de traballo entre persoas emprendedoras e as súas startups, empresas de recente apertura e freelancers, nun entorno idóneo para o lanzamento de proxectos innovadores. Como espazo de traballo colaborativo do Concello da Coruña, fomenta a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, xerando sinerxías e oportunidades entre as e os coworkers. O Centro conta con máis de 1.000 m² repartidos en módulos de traballo (**Emprende e Crece**), estancias puntuais (**Nube**), salas de reunións, cabinas de comunicación e espazos para presentacións, formación e actos públicos en xeral (**Conecta**). Ademais, dende **ACCEDE Papagaio** préstanse servizos de apoio, asesoramento e formación.


1.3. Fins do Centro

ACCEDE Papagaio persigue apoiar de forma significativa o espírito empresarial na cidade, promovendo modelos avanzados de incubación e aceleración empresarial. Ten entre os seus obxectivos:

- Impulsar a creación de empresas innovadoras, especialmente de ámbito tecnolóxico.
- Fomentar a cultura emprendedora e colaborativa, así como o traballo en común.
- Apoiar, asesorar e formar aos novos emprendedores e as novas emprendedoras.
- Axudar ao desenvolvemento empresarial e consolidación das empresas creadas.
- Cooperar con outras institucións no apoio á creación de empresas.
- Contribuír á diversificación económica local e á xeración de emprego de calidade.
- Crear espazos que sexan referentes para a reflexión, a participación e a cooperación de todos os actores locais, tanto públicos como privados, implicados na promoción económica e o desenvolvemento local.

1.4. Tipoloxía dos espazos dispoñibles

ACCEDE Papagaio ten un total de 78 postos de traballo divididos en 3 espazos con nomes que describen a súa finalidade: **Emprende e Crece**, para proxectos en fase de preincubación ou para proxectos que xa teñen actividade económica e precisan medrar, e **Nube**, para o seu uso puntual e para actividades de formación. Ademais conta co espazo **Conecta**, zona aberta pensada para acoller actos, charlas e encontros, 4 Cabinas de videoconferencia, salas de reunións e áreas para o lecer.



1.5. Descrición dos equipamentos e servizos

NOME	SUPERFICIE	EQUIPAMENTO	DESTINATARIOS/AS
EMPRENDE	201,80 m ²	24 módulos de traballo dotados de mobiliario individual común e acceso a internet.	Persoas emprendedoras que queren crear a súa empresa e están en fase de maduración ou preincubación e novas empresas que queren consolidarse.
CRECE	204,55 m ²	42 módulos de traballo dotados de mobiliario individual común e acceso a internet.	
NUBE	81,90 m ²	12 módulos de traballo dotados de mobiliario básico con acceso a internet.	Persoas usuarias puntuais.
CONECTA	183,05 m ²	Espazo aberto destinado a potenciar o networking a través de charlas, xornadas, encontros, mesas de debate, congresos e actividades que favorezan a cooperación e o emprendemento.	Empresas e/ou persoas usuarias do Centro ou calquera outra persoa física ou xurídica que o solicite para actuacións relacionadas coa promoción económica e o emprendemento.
ESPAZOS DE USO COMÚN	362,05 m ²	• Vestíbulo de acceso • Recepción e secretaría • Salas de reunións • 4 cabinas de comunicación • 1 sala de formación • Espazos abertos de relación, encontros e intercambio	
SERVIZOS	62,50 m ²	• Almacén • Instalacións • Limpeza	Persoal técnico municipal e persoas encargadas dos diferentes servizos do Centro
TOTAL	1.095,85 m ²		

1.6. Outros servizos

O Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio** ofrece ademais os seguintes servizos ás persoas emprendedoras:

- Conserxería.
- Secretaría e administración.
- Salas de xuntas de dous tamaños.
- Acceso gratuíto a internet.
- Medios audiovisuais.
- Climatización e todas as subministracións precisas para a actividade.
- Recollida selectiva de lixos.
- Reprografía (por conta de quen os utilice).
- Autoservicio de cafetería nas áreas de lecer.
- Servizo de recollida de documentación e correspondencia.
- Aparcadoiro: as persoas usuarias dispoñen de aparcadoiro a prezo reducido no Parking do Bulevar do Papagaio.

1.7. Horarios

De luns a venres:	de 8:00 a 22:00 horas
Sábados:	de 8:00 a 15:00 horas
Domingos e festivos:	o Centro permanecerá pechado

1.8. Duración máxima das estancias

1 ano para preincubación	2 anos para incubación
------------------------------------	----------------------------------



Condições, requisitos de acceso e prezos

ACCEDE Papagaio

2. Condicións, requisitos de acceso e prezos

2.1. Quen pode acceder?

Poden acceder ao Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**:

- **Persoas emprendedoras:** aquelas que estean a traballar nunha idea ou proxecto e vaian crear unha empresa relacionada, preferentemente, co ámbito da investigación, a tecnoloxía, e/ou a innovación. Considéranse en fase de preincubación.
- **Novas empresas:** persoas físicas ou xurídicas que non teñan máis de dous anos dende a data da alta censual e que, comezada a actividade empresarial, precisen dun apoio especial para mellorar as súas expectativas de supervivencia, priorizando a pertenza a sectores relacionados coa tecnoloxía, a investigación e a innovación. Considéranse en fase de incubación.
- **Persoas usuarias puntuais:** persoas físicas ou xurídicas que, con carácter esporádico e puntual, soliciten a utilización das instalacións e/ou servizos do Centro para actuacións vinculadas co emprendemento.

2.2. Como acceder?

Para facer uso dos servizos do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio** haberá que presentar unha solicitude, de acordo cos seguintes pasos:

- **Presentación presencial (sen certificado dixital):**
 1. Descargue e cubra o **impreso de solicitude** de espazos que atopará na web do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**. www.coruna.gal/papagaio
 2. **Presente** os impresos anteriores e a **documentación** correspondente, especificada no punto seguinte deste Protocolo, en calquera das **oficinas de Rexistro** do Concello da Coruña (Pazo Municipal – Praza de María Pita 1, Forum Metropolitano – Rúa Río Monelos 1 ou Centro Sociocultural Ágora – Gramela 17).
- **Presentación virtual (con certificado dixital):**
 1. Cubra o **impreso de solicitude** de espazos que atopará na web do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**. www.coruna.gal/papagaio
 2. Entre na **Sede Electrónica do Concello** e presente o impreso xunto coa documentación correspondente, especificada no punto seguinte deste Protocolo, vía telemática, seguindo as instrucións da Sede.

2.3. Documentación inicial a aportar

- **Na fase de preincubación:**
 - Copia do DNI, pasaporte ou NIE e permiso de traballo, de ser o caso.
 - Plan de empresa que inclúa os contidos do modelo dispoñible na web do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**. www.coruna.gal/papagaio

- **Na fase de incubación:**

- Copia do DNI, pasaporte ou NIE e permiso de traballo, de ser o caso.
- Fotocopia compulsada do NIF.
- Copia das escrituras de constitución e acreditación, de ser o caso, da representatividade.
- Documentación sobre a constitución legal da empresa.
- Fotocopia compulsada de alta na declaración censual.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, da sociedade e de todas as persoas socias.
- Plan de Empresa que inclúa os contidos do modelo dispoñible na web do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**.

- **Para uso puntual de módulos de traballo (Nube), salas de reunións e salón de actos (Conecta):**

- Copia do DNI, pasaporte ou NIE e permiso de traballo, de ser o caso.
- Fotocopia compulsada do NIF, se fose o caso.
- Xustificante de pago do prezo público correspondente.

2.4. Proceso de avaliación e resolución de solicitude

- **Avaliación:**

A Comisión Técnica de Avaliación de **ACCEDE Papagaio** avaliará as solicitudes cualificando os proxectos de acordo cos criterios que se indican nas **bases** polas que se rexe o proceso de admisión no Centro e que poden consultarse na web de **ACCEDE Papagaio**.

- **Resolución:**

Finalizado o proceso de avaliación, ditarase a correspondente resolución, que poderá estimar a solicitude, notificándose a incorporación efectiva ao Centro no caso de existir prazas vacantes ou a unha lista de espera, no caso de non existir estas, indicando o posto que lle corresponde en función da puntuación obtida.

A resolución adoptada ditarase e notificarase á persoa interesada no prazo máximo de tres meses dende a entrada. A non resolución expresa nese prazo permitirá ás persoas interesadas entender desestimada a súa solicitude no rexistro.

2.5. Documentación final a aportar para formalizar a solicitude

Ademais de aceptar a admisión e comprometerse a cumprir as disposicións de réxime interno de **ACCEDE Papagaio**, para a asignación e ocupación de praza no Centro requirirase a seguinte documentación:

- N° de conta bancaria (IBAN) onde domiciliar o pago do prezo público correspondente.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable normalizada na que se declara non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición establecidos no artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.
- Declaración xurada de non dispoñer de local propio para o exercicio da actividade.
- Declaración responsable de acatamento das Instrucións de funcionamento.

2.6. Tarifas de prezos e restantes condicións económicas

- As tarifas mensuais aplicables ás persoas ou empresas usuarias dos espazos **Emprende** e **Crece** de **ACCEDE Papagaio** son as seguintes:

Preincubación	Importe
Xornada completa, prezo mensual	90,00€
Incubación	Importe
Xornada completa, prezo mensual	108,00€

Aos prezos anteriores haberá que engadirle o IVE correspondente.

- Para usos puntuais das **Salas de reunións**, salón de actos (sala **Conecta**) e postos compartidos (**Nube**) por persoas ou entidades distintas das enumeradas no apartado anterior, as tarifas virán determinadas en función do tempo de utilización da seguinte forma:

NUBE (Módulos de traballo de espazo compartido)	Importe
Xornada completa, prezo por día ¹	50,00 €
SALAS DE REUNIÓNES GRANDES	Importe
Xornada completa, prezo por día	30,00 €
Media xornada	15,00 €
Prezo por hora	7,00 €
SALAS DE REUNIÓNES PEQUEÑAS	Importe
Xornada completa, prezo por día	25,00 €
Media xornada	11,00 €
Prezo por hora	5,00 €
CONECTA (Salón de actos)	Importe
Xornada completa, prezo por día	50,00 €
Media xornada	25,00 €
Prezo por hora	10,00 €

Aos prezos anteriores haberá que engadirle o IVE correspondente.

¹ O importe desta tarifa é prorrateable por horas, sendo a xornada completa de 14 horas

- **Outras condicións económicas:**

- As tarifas aplicadas inclúen o consumo eléctrico das instalacións permanentes do espazo utilizado e de internet. No caso de montaxes especiais será necesario especificar a empresa encargada da instalación e a potencia a contratar, co fin de dar a correspondente autorización e elaborar un orzamento adaptado.
- As tarifas fixadas para usos puntuais poderán reducirse ou anularse en función do interese empresarial para a cidade se así o valora a Xunta de Goberno Local ou o órgano en quen esta delegue.
- Os servizos adicionais como conserxería fóra do horario xeral establecido, seguridade, limpeza do posto asignado, persoal de atención ao público e outros análogos non están incluídos nas tarifas e correrán por conta da persoa ou empresa interesada.

- **Exencións:**

- Non estarán suxeitas ao pago as ocupacións de espazos que deriven de actos organizados polo Concello, as que deriven de programas municipais de fomento do emprendemento nos que se premien proxectos para a súa estancia no Centro, así como intercambios ou convenios con outras institucións.



Carta de servizos

ACCEDE Papagaio

3. Carta de servizos

3.1. Presentación

ACCEDE Papagaio é un centro municipal que se configura como de carácter público, polivalente e que pode ser complementario doutros servizos ou elementos de apoio, protección e desenvolvemento da actividade económica local, que o propio Concello da Coruña, ou outra institución pública ou privada, veña prestando, por si só ou en colaboración con terceiros. Busca promover o desenvolvemento económico local a través do fomento de iniciativas empresariais no ámbito xeográfico do municipio, co consecuente efecto positivo sobre a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo e na sociedade.

O Concello da Coruña é o titular do **ACCEDE Papagaio**, e correspóndelle a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento de todos os servizos nel ofertados.

3.2. Información de carácter xeral e legal

Servizos que se prestan en **ACCEDE Papagaio**:

1. Cesión de módulos de traballo: estes espazos, aptos para comezar a traballar de inmediato, están equipados con mesa con caixoneira e taquilla, cadeira e acceso á rede eléctrica e a internet.
2. Servizos de apoio ao emprendemento: asesoramento, formación a persoas emprendedoras, mentorización, organización de actividades de networking, coworking e eventos relacionados co emprendemento, preferentemente de carácter tecnolóxico, e a innovación.
3. Acceso e uso de servizos comúns: as persoas usuarias do Centro poderán facer uso dos servizos e espazos comúns en base ás instrucións de funcionamento nas que se recollen o sistema e forma de utilización.
4. Internet gratuito, climatización, recollida selectiva de lixos e todas as subministracións precisas para a actividade.

Dereitos das persoas usuarias de **ACCEDE Papagaio** en relación cos servizos:

- A obter información e orientación sobre os requisitos e procedementos para solicitar o uso dos diferentes espazos e coñecer o estado de tramitación das súas solicitudes.
- A non presentar documentos que xa estean en poder do Centro ou que non sexan esixidos polas normas aplicables ao seu funcionamento.
- A estar informados/as sobre o prazo máximo da resolución das súas solicitudes e dos efectos do silencio administrativo.
- A obter unha resolución expresa e motivada da súa solicitude, nunha linguaxe sinxela e comprensible.
- A ser tratados/as con respecto e cortesía polo persoal do Centro, que lles facilitará o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- A utilizar as linguas oficiais no territorio de Galicia.

Fórmulas de participación das persoas usuarias na mellora dos servizos do Centro de empresas **ACCEDE Papagaio**: poderán colaborar na mellora dos servizos que o Centro ofrece por medio de:

- Enquisas sobre a calidade dos servizos que se realicen de xeito puntual.
- Caixa de opinións e suxestións, dispoñible no Centro.
- Formularios para realizar preguntas, suxestións ou queixas vía presencial ou electrónica, dispoñibles na web do Concello da Coruña: www.coruna.es

Normativa reguladora do Centro:

- Bases polas que se rexe o proceso de admisión ao Centro de espazo compartido de empresas “**Accede Papagaio**” (BOP nº 148, do 5 de agosto de 2016).
- Ordenanza n.º 46, reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización de instalacións nos centros municipais de empresas da Grela e do Papagaio (BOP nº 153, do 12 de agosto de 2016).

3.3. Compromisos de Servizo

Axilidade na xestión

- Resolver e notificar os procedementos relativos ás solicitudes de espazos das persoas e empresas interesadas nun prazo non superior a 3 meses dende a súa presentación.
- Facilitar o acceso á totalidade dos formularios e documentación precisa para a correcta presentación das solicitudes.

Atención e información

- Atender e informar aos cidadáns e persoas usuarias que acudan ao Centro co maior nivel de calidade e fiabilidade nas cuestións formuladas por eles e elas, procurando contestar as peticións e consultas recibidas por escrito ou por Internet nun tempo razoable.
- Publicar a lista de espera pola cal se ordena a prioridade na concesión dos servizos do **ACCEDE Papagaio**, e actualizala na web do Centro.
- Procurar a excelencia e busca dos máis elevados estándares de calidade en tódolos servizos que ofrece, así como nos seus equipamentos.

Medidas dirixidas a asegurar a igualdade de xénero, facilitar o acceso e mellorar as condicións da prestación dos servizos

Dende o Cento de empresas **ACCEDE Papagaio** promoveranse accións positivas permanentes para conseguir que o exercicio da súa actividade se desenvolva conforme cos principios de legalidade, imparcialidade, independencia, obxectividade, transparencia, responsabilidade social, igualdade de oportunidades e non discriminación.

Para asegurar a **igualdade de xénero** adoptaranse as medidas que corrixiran as actuacións e condutas que impidan ou dificulten o respecto ao principio de igualdade de trato entre homes e mulleres.

Para mellorar as condicións da prestación dos servizos do Centro, as comunicacións escritas redactaranse cunha linguaxe clara, directa, comprensible e non sexista, buscando lograr a plena accesibilidade aos servizos de atención e información para as persoas con discapacidade, eliminando barreiras de mobilidade e comunicación, facilitándolles os servizos e as xestións que precisen realizar no Centro.

Contarase con persoal formado na prestación de servizos de apoio ao emprendemento e nas imprescindibles habilidades de comunicación para a súa relación co público.

O Concello avaliará a calidade dos servizos prestados e o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos nesta Carta de servizos.

4

Relación de servicios transversais

ACCEDE Papagaio

4. Relación de servizos transversais

4.1. Identificación de servizos municipais e recursos dispoñibles para as persoas emprendedoras

O Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello da Coruña desenvolve actuacións dirixidas a sensibilizar a todos os sectores de poboación na idea do autoemprego e a creación de empresas como opción para definir o seu futuro laboral.

Para acadar este obxectivo realízanse, entre outras actividades, accións dirixidas a apoiar e formar a persoas emprendedoras para simplificar todas as dificultades que atopan no proceso de creación de empresas. Os programas e recursos do Concello da Coruña son:

Asesoramento a emprendedores/as:

- Asesoramentos grupais: consistentes en obradoiros realizados con regularidade e onde se tratan temas xerais e esenciais no procedemento de emprendemento, facilitándolle ás persoas emprendedoras conceptos mínimos básicos de primeira información para a creación do seu negocio: plan de empresa, formas xurídicas e trámites de constitución, e axudas e subvencións.
- Asesoramentos individuais: titorizacións por parte do persoal técnico realizadas en función da demanda, onde se tratan de forma personalizada as dúbidas concretas dos proxectos empresariais.

Formación para emprender:

O Servizo de Promoción Económica e Emprego dispón do **Itinerario formativo de emprendemento** dirixido a persoas emprendedoras coa necesidade e inquietude de levar a cabo un proxecto empresarial xa definido, como idea pero non desenvolvido, e/ou a aquelas persoas que, tendo a súa empresa xa constituída, precisen dun apoio especial para mellorar as expectativas de supervivencia

www.coruna.es/emprego

- Cursos de formación para emprender:
<http://www.coruna.gal/empleo/es/empresa-y-economia-social/cursos-emprendimiento>
- Xornadas e seminarios de emprendemento:
www.coruna.es/emprego/gl/empresa-e-economia-social/xornadas-seminarios-emprendemento

Outros recursos municipais:

- Centro Municipal de Empresas A Grela: www.coruna.es/cme
- MIRE: Mapa de Innovación dos Recursos Empresariais.
www.coruna.es/emprego/gl/informacion/mapa-de-innovacion-de-recursos-empresariales
- Observatorio sociolaboral: www.coruna.es/emprego/gl/informacion/observatorio
- Datos abertos locais e comarcais <https://smart.coruna.es/OpenData/COR/index.html>

Ferramentas/recursos dispoñibles para as persoas emprendedoras:

No apartado de recursos da páxina web do Centro **ACCEDE Papagaio** (<http://www.coruna.gal/papagaio/es/recursos>), pódense consultar as seguintes ferramentas, en constante revisión e actualización:

- Manual de Creación e posta en marcha dunha empresa.
- Manual de cesamento e extinción dun empresario individual.
- Manual de cesamento e extinción dunha sociedade.
- Manual de obrigas fiscais de empresarios e profesionais.
- Guía práctica para elaborar o plan de empresas.

4.2. Identificación doutros recursos públicos existentes

- Deputación da Coruña: Plan de Emprego Local (PEL)
- IGAPE:
 - Liñas de financiamento: www.igape.es/es/crear-una-empresa/financiacion
 - Puntos de Asesoramento ao Emprendedor (PAE): <http://www.igape.es/es/crear-unha-empresa/crear-unha-empresa/tramites/punto-de-aseoramento-e-inicio-de-tramitacion-pait>
- Consellería de Economía, Emprego e Industria: axudas ao autoemprego e economía social: ceei.xunta.gal/portada
- Instituto de Crédito Oficial Liñas ICO: finamento a empresas e emprendedores/as: www.ico.es/web/ico/home
- Empresa Nacional de Innovación: liñas de financiamento para emprendedores/as: www.enisa.es

4.3. Identificación de apoios ás persoas emprendedoras e ás súas iniciativas

- **Programa ACCEDE Xa:** axuda dirixida a facilitar a consolidación de proxectos que precisen pasar por unha fase de preincubación, proporcionándolle ás persoas emprendedoras cun proxecto empresarial o establecemento durante un período non superior a seis meses de forma gratuíta no Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**, ademais de recibir apoio e seguimento por parte de persoal técnico especialista na materia. Máis información no: 981 184 399, ou concejalía.empresa@coruna.es.
- **Outras axudas:** as persoas usuarias de **ACCEDE Papagaio** tamén poden obter información acerca doutras axudas para o emprendemento a través da web do Centro ou do asesoramento por parte do seu persoal.



Princípios reitores

ACCEDE Papagaio

5. Principios reitores

Son principios informadores do funcionamento do Centro de Empresas **ACCEDE Papagaio**:

Innovación:

ACCEDE Papagaio aposta polo fomento da cultura emprendedora e a utilización de prácticas innovadoras nos diferentes ámbitos da vida.

Calidade:

ACCEDE Papagaio procura a excelencia e busca os máis elevados estándares de calidade en todos os servizos ofrecidos.

Transparencia:

ACCEDE Papagaio observa na súa xestión o principio de transparencia e a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no relativo ás súas actividades suxeitas a Dereito Administrativo.

Responsabilidade social:

ACCEDE Papagaio postula a optimización e eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles.

Igualdade de oportunidades e non discriminación social:

ACCEDE Papagaio ten entre os principios básicos da súa actuación proporcionar as mesmas oportunidades no acceso ao traballo e na promoción profesional a todas as persoas, así como no acceso destas ás actuacións que desenvolve, asegurando en todo momento a ausencia de situacións de discriminación por razón de sexo ou orientación sexual, raza, relixión, orixe, estado civil ou condición social.

Colaboración:

ACCEDE Papagaio propugna e fomenta o espírito colaborador, promovendo a transferencia de coñecemento e tecnoloxía e xerando sinerxías e oportunidades entre os e as coworkers.



ACCEDE Papagaio

Rúa Hospital, nº19 baixo, 15002. A Coruña

Tel. 981 184 399

<http://www.coruna.gal/papagaio>



Unión Europea

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"